

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN E PÉNTATLON MODERNO

(Santiago de Compostela, 06/11/2015)

Asisten: Óscar J. Suris Regueiro (Presidente), José Angel Fernández Martínez (A.D. Fefeme Triatlón do Miño), José Antonio Blanco Vila (A.D. Tri-Penta Terras de Lugo), Adrián Vázquez Fernández (Cidade de Lugo Fluvial), Arturo López Lago (C.T. Coruña), José Antonio Formoso Pita (T. Ferrol), José Manuel Mosquera Vello (Club Triatlón Mar de Vigo), Franciso Javier Liste Boquete (Club Triatlón Santiago), Óscar Silguero García (Nosportlimit-Trek Galicia), Raúl Blanco Porto (Deportistas), Lorena García Lago (Deportistas), Manuel Angel Pita Pereira (Deportistas), Marcos Rodríguez Balaña (Deportistas), Fernando Silvarrey Redondo (Deportistas), Jaime Ruíz del Ganso (Técnicos), Mónica Flores Ferreiro (Oficiais), Miguel Angel Fernández Vázquez (Organizadores); Luís Piña Refojos, Juan Luís Pedrosa Lence, Enrique J. Hidalgo Lugo, Alejandro Lamela Árias (Asesor) e Ánxeles Otero Trigo.

Ábrese a sesión ás 20:30 horas

Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea anterior:

A acta foi enviada a todos os membros da Asemblea polo que se decide que non é precisa a súa lectura.

Apróbase por unanimidade.

2. Designación de Xuíz Único do Comité de Competición e Disciplina Deportiva (Art. 64.A Estatutos FEGATRI).

Proposta: D. Juan Luís Pedrosa Lence

Procédese á votación:

Votos a favor: 15

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Apróbase por unanimidade.

3. Designación de Xuíz Único do Comité de Apelación (Art. 64.A Estatutos FEGATRI).

Proposta: D. Enrique José Hidalgo Lugo

Procédese á votación:

Votos a favor: 14

Votos en contra: 1 (José Angel Fernández Martínez -Fefeme Triatlón do Miño-)

Abstencións: 0

Queda aprobada a proposta.

4. Presentación e aprobación, se procede, das contas do exercicio 2014 reformuladas pola Xunta Directiva tralo informe da Auditoría elaborado por AUDITORA GALEGA DE CONTAS, S.L.P. Expón a reformulación Alejandro Lamela (Asesor):

Variacións con respecto as contas aprobadas na Asemblea do 17/04/2015:

a). Tense en conta a subvención da Federación Española de Triatlón (FETRI) por importe de 17.964,00€.

b). Compútase como ingreso procedente de subvencións ó inmovilizado, a parte correspondente ó exercicio 2014, de unha subvención concedida no exercicio 2010 para comprar bicicletas para as escolas de Triatlón (importe subvencionado 19.800,00€) e que debería terse trasladado ó resultado do exercicio na mesma proporción que se amortizaba, é dicir, ó 20%, non tendo sido aplicado durante os exercicios 2011, 2012, 2013 e 2014 dita parte proporcional, polo que agora aplicamos o 20% de 19.800,00€, que son 3.960,00€ como un ingreso máis.

Respecto ós exercicios 2011-2013, teríamos un importe de 11.880,00€ que non foron levados a ingresos nos seus respectivos exercicios, polo que, agora se levan directamente á conta de capital social, incrementándose.

Cos puntos 1 e 2 quedaría explicado o incremento de beneficio do exercicio de 29.991,23€ a 51.915,23€ (17.964 + 3.960).

c). O incremento do saldo coa FETRI débese ós 17.964,00€ da subvención.

d). Elimínanse os saldos con signo negativo das contas do Clubs, debidas a adiantos de inscricións en probas 2015 (Aviamán), e envíase todo a unha conta de anticipos de clientes, onde se recollen os mesmos, 6.812,00€, que se irán eliminando no 2015 a medida que se emitan as facturas por parte da Federación.

e). A Auditoría impuxo como obriga anotar na súa totalidade o importe do convenio trianual (2014-2016) asinado coa Secretaría Xeral Para o Deporte (422.502,00€), e non ano a ano, como



estábamos facendo ata o de agora. A parte correspondente ó 2014 foi recollida na conta "Xunta deudora por subvencións" do activo e a parte que corresponde ós anos 2015 e 2016 vai á conta "Deudas transformables en subvencións" do pasivo.

*Incorpóranse á reunión os membros da Asemblea: José Manuel Mosquera Vello (Club Triatlón Mar de Vigo) e Lorena García Lago (Deportistas).

Procédese á votación da reformulación das contas da Tempada 2014:

Votos a favor: 17

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Queda aprobada por unanimidade.

5. Cambio do enderezo social á CASA DO DEPORTE, Rúa Fotógrafo Luís Ksado nº17, 1º, 36209-Vigo e a conseguinte modificación do artigo 3 dos Estatutos.

O Presidente expón as razóns da súa proposta.

Os membros da Asemblea: Mónica Flores Ferreiro (Xuíces), Manuel Angel Pita Pereira (Deportistas), Francisco Javier Liste Boquete (Club Triatlón Santiago), Miguel Angel Fernández Vázquez (Organizadores), José Angel Fernández Martínez (A.D. Fefeme Triatlón do Miño), José Antonio Formoso Pita (T. Ferrol), Óscar Silguero García (Nosportlimit-Trek Galicia), Marcos Rodríguez Baliña (Deportista) Fernando Silvarrey Redondo (Deportistas) e Jaime Ruíz del Ganso (Técnicos), expoñen o seu parecer e explican o motivo do seu voto.

Procédese á votación da proposta de cambio de sede:

Votos a favor: 4 (Óscar J. Suris Regueiro –Presidente-, José Antonio Blanco Vila -A.D. Tri-Penta Terras de Lugo-, Arturo López Lago -C.T. Coruña-, Lorena García Lago -Deportistas-.

Votos en contra: 10 (José Angel Fernández Martínez -A.D. Fefeme Triatlón do Miño-; Adrián Vázquez Fernández -Cidade de Lugo Fluvial-; José Antonio Formoso Pita -T. Ferrol-; Francisco Javier Liste Boquete -Club Triatlón Santiago-; Óscar Silguero García -Nosportlimit-Trek Galicia-; Manuel Angel Pita Pereira –Deportistas-; Fernando Silvarrey Redondo –Deportistas-; Jaime Ruíz del Ganso –Técnicos-; Mónica Flores Ferreiro –Oficiais-; Miguel Angel Fernández Vázquez –Organizadores-.

Abstencións: 3 (Marcos Rodríguez Baliña –Deportistas-, Raúl Blanco Porto –Deportistas-, José Manuel Mosquera Vello -Club Triatlón Mar de Vigo-.

Non se aproba a proposta.

6. Rogos e preguntas

- Programas Xestor de Licenzas e inscricións: O Presidente comenta que para a vindeira tempada contaremos cun programa Xestor de Licenzas que nos ofreceu a FETRI e que ten un coste de mantemento de 400 euros máis IVE anuais e tamén comenta as melloras importantes que se están a facer no programa de inscricións (pasarela de pago para facilitar o proceso de inscrición e publicación en tempo real das inscricións segundo se van producindo).

- Charlas Clubs: Xestión de contas dos Clubs (IVE, Imposto de Sociedades,...). Alejandro Lamela (Asesor) comenta que tivo unha reunión en Facenda para concretar a posibilidade de facer unha charla sobre o tema que será impartida por persoas da propia Facenda Tributaria. Deron a posibilidade de facelas en Santiago na sede da Secretaría Xeral e só poderán facerse en xoves ou venres.

Enviárase unha circular ós clubs coa proposta (data e lugar).

Non habendo máis intervencións. Levántase a sesión ás 22:00horas.

Asdo.: Mª de los Ángeles Otero Trigo
Secretaria



Asdo.: Óscar José Suris Regueiro
Presidente